

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

6430 *Real decreto 379/2015, do 14 de maio, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao financiamento da acción «O teu traballo EURES-FSE».*

Os Estados membros e as rexións da Unión Europea afrontan retos crecentes asociados ás repercusións da globalización, ás cuestións ambientais e enerxéticas, ao envellecemento da poboación e aos cambios demográficos, á transformación tecnolóxica e ás demandas de innovación e ás desigualdades sociais. Debido á natureza complexa e interrelacionada deses retos, as solucións que reciban axudas dos fondos estruturais e de investimentos europeos deben ser integradas, multisectoriais e multidimensionais.

A actual situación de globalización dos mercados e o rápido cambio dos medios tecnolóxicos e dos procesos produtivos fai que as estratexias coordinadas para o emprego que postula a Unión Europea consideren a mobilidade laboral como unha oportunidade de encontro entre oferta e demanda de emprego entre os distintos territorios que coaduxa á cohesión social na construción europea.

Así o considera tamén a Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, que na súa exposición de motivos fai especial referencia á circunstancia de que moitos mozos e mozas ben formados abandonen o mercado de traballo español e busquen oportunidades no estranxeiro, motivada pola incerteza á hora de entrar no mercado de traballo, polos reducidos soldos iniciais e pola situación económica xeral do noso país.

Así mesmo, na actual redacción da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, régulase no artigo 4 bis a «Estratexia española de activación para o emprego», a cal constitúe un reflexo das políticas activas de emprego para o conxunto do Estado e para cada unha das comunidades autónomas, en cuxo desenvolvemento actual se incluíu a mobilidade como un aspecto determinante que hai reforzar. Pola súa vez, no artigo 13.k) establécese como unha competencia do Servizo Público de Emprego Estatal coordinar e impulsar accións de mobilidade no ámbito estatal e europeo, así como desempeñar a representación do Estado español na rede EURES.

A libre circulación de traballadores en Europa é un dereito recollido no Tratado de funcionamento da Unión Europea.

«O teu traballo EURES-FSE» considérase como un valor engadido ás actividades do Catálogo de servizos EURES-España para o próximo período, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, co obxectivo de estimular a mobilidade laboral e de formación baseada en prácticas profesionais, que se erixe sobre o concepto dun proxecto de axudas ou subvencións personalizadas que permitan a traballadores españois ou de calquera Estado membro da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, ou doutro país ao cal se estenda o mesmo réxime xurídico en materia de acceso ao emprego, e que teñan residencia legal en España, encontrar emprego, realizar prácticas ou realizar actividades dirixidas á aprendizaxe que inclúan contrato laboral noutros países do Espazo Económico Europeo (os 28 países da Unión Europea, Noruega, Islandia e Liechtenstein) ou en Suíza.

«O teu traballo EURES-FSE» baséase nas accións principais fixadas nas recomendacións da Comisión Europea da «Xuventude en marcha» e a «Iniciativa sobre as oportunidades da xuventude» para fomentar a mobilidade laboral da mocidade en Europa e toma como referencia a participación do Servizo Público de Emprego Estatal como beneficiario da primeira convocatoria do programa «O teu primeiro traballo EURES». A experiencia na citada convocatoria e os bos resultados obtidos permitiron adaptar as características destas axudas ás necesidades do contexto dos traballadores españois, estean residindo en España ou en calquera outro Estado do Espazo Económico Europeo

ou en Suíza, e dos traballadores de calquera Estado membro da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, ou doutro país ao cal se estenda o mesmo réxime xurídico en materia de acceso ao emprego, e que teñan residencia legal en España.

Para tal fin, destinouse un orzamento anual de dous millóns de euros co obxectivo de financiar a acción «O teu traballo EURES-FSE». A execución terá lugar ao longo da duración do «Programa operativo Emprego Formación Educación FSE» (2014-2020). Tal e como establece o Regulamento (UE) n.º 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1081/2006 do Consello, no seu artigo 3, dedicado ao ámbito de aplicación de fondos, o Fondo Social Europeo apoiará como unha das prioridades de investimento: «Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral»

O programa é xestionado polo Servizo Público de Emprego Estatal a través da rede EURES España. EURES é unha rede de cooperación entre a Comisión Europea e os servizos públicos de emprego europeos dos Estados membros do Espazo Económico Europeo e outras organizacións asociadas. Suíza tamén participa na cooperación EURES. En España, a rede está coordinada polo Servizo Público de Emprego Estatal onde se sitúa a Oficina Nacional de Coordinación EURES, e son socios os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas.

A acción «O teu traballo EURES-FSE» ten como finalidade proporcionar axudas para financiar persoas españolas ou de calquera Estado membro da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, ou doutro país ao cal se estenda o mesmo réxime xurídico en materia de acceso ao emprego, e que teñan residencia legal en España, que desexan traballar noutro Estado do Espazo Económico Europeo ou en Suíza, e inclúe a posibilidade de contratos en prácticas ou de aprendizaxe, conforme a Recomendación do Consello Europeo do 28-29 de xuño de 2012. O proxecto establece axudas para realizar entrevistas de selección e/ou traslados de país e asentamento por contratación laboral (en diferentes modalidades: contrato laboral, contrato de aprendizaxe ou contrato en prácticas, todos cunha duración mínima de seis meses), así como cursos de idiomas que faciliten a dita contratación.

«O teu traballo EURES-FSE» fomenta a oportunidade de obter traballo, realizar prácticas ou realizar actividades dirixidas á aprendizaxe que inclúan contrato laboral, ofrecida nun Estado do Espazo Económico Europeo ou en Suíza a calquera solicitante de emprego, aprendiz ou persoa en prácticas (en diante denominados todos «candidatos»). Con iso preténdese impulsar a mobilidade laboral en Europa, reducindo os obstáculos para traballar noutro Estado e facilitando as transicións no mercado laboral.

En definitiva, o programa «O teu traballo EURES-FSE» ten por obxecto contribuír á consecución do obxectivo de emprego de Europa 2020, consistente en que no ano 2020 o 75 por cento da poboación da Unión Europea entre 20-64 anos teña un emprego.

Este real decreto establece as normas polas cales se concretan as axudas tendentes á consecución dos obxectivos da acción «O teu traballo EURES-FSE» así como os requisitos e o procedemento para solicitude e concesión destas.

Estas axudas teñen carácter de subvencións, de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Pola súa parte, o artigo 22.2.c) da citada Lei 38/2003, do 17 de novembro, dispón que, con carácter excepcional, se poderán conceder de forma directa aquelas subvencións nas cales se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. As normas especiais reguladoras das ditas subvencións deberán ser aprobadas mediante real decreto, por proposta do ministro competente, e logo de informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co previsto no artigo 28.2 e 3 da dita lei.

Nas subvencións a que se refire este real decreto, dada a grave situación de alta taxa de desemprego en España, concorren circunstancias singulares e razóns de interese público, económico e social que dificultan a súa convocatoria pública e xustifican o seu outorgamento en réxime de concesión directa. A necesidade dun procedemento áxil para

dar resposta ás necesidades dos empregadores e ás peticións de emprego dos traballadores dificulta que estas subvencións se tramiten mediante convocatoria pública.

Ademais, a xestión das ofertas de emprego, prácticas e aprendizaxes está condicionada a que as empresas manifesten a súa vontade de contratación segundo as súas necesidades; polo tanto, os postos de traballo xéranse ao longo do tempo. Estas razóns impiden a convocatoria pública dun procedemento de concorrencia competitiva porque iso exixiría un prazo cerrado de solicitudes e, posteriormente, unha resolución afastada no tempo da petición do empregador, o que en moitos casos supoñería non satisfacer as súas necesidades.

A xestión destas subvencións corresponderalle ao Servizo Público de Emprego Estatal dentro do marco definido neste real decreto, que se dita ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7 da Constitución e de acordo co disposto no artigo 13.h).1 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

No proceso de elaboración deste real decreto foi informada a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, logo de informe do ministro de Facenda e Administracións Públicas, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de maio de 2015,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O presente real decreto ten por obxecto establecer as axudas da acción «O teu traballo EURES-FSE» para apoiar a mobilidade laboral de traballadores españois, ou de calquera Estado membro da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, ou doutro país ao cal se estenda o mesmo réxime xurídico en materia de acceso ao emprego, e que teñan residencia legal en España, nos países que comprende o Espazo Económico Europeo e Suíza.

As ditas axudas van dirixidas a persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego correspondentes, con independencia do seu nivel de cualificación ou da súa situación económica e social.

2. A xestión destas axudas corresponde ao Servizo Público de Emprego Estatal, de acordo co disposto no artigo 13.h).1 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, sen prexuízo das tarefas de intermediación laboral que realicen os conselleiros EURES dos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas, segundo o disposto nos reais decretos de traspaso da xestión realizada polo Servizo Público de Emprego Estatal no ámbito do traballo, do emprego e da formación.

Artigo 2. *Natureza e réxime xurídico aplicable.*

As axudas reguladas neste real decreto teñen a natureza xurídica de subvención e outorgáranse en réxime de concesión directa, atendendo ao seu carácter singular polo seu interese público, económico e social e pola súa vinculación á cobertura de postos de traballo, a través da Rede EURES España, o que dificulta a súa convocatoria pública, ao abeiro do disposto nos artigos 22.2.c) e 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 67 do seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

As axudas rexeranse polo establecido neste real decreto, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada lei; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, así como nas demais normas que resulten de aplicación.

A información sobre as concesións de subvencións realizadas ao abeiro da presente norma comunicárase á base de datos nacional de subvencións, nos termos en que se establece a dita obriga de comunicación no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e demais normativa de desenvolvemento.

Artigo 3. *Financiamento.*

1. As accións reguladas neste real decreto forman parte da reserva de crédito cuxa xestión corresponde ao Servizo Público de Emprego Estatal de acordo co establecido no artigo 13.h) da Lei 56/2003, do 16 de decembro, polo que as cantidades previstas para financiar estas medidas non serán obxecto de distribución territorial entre as comunidades autónomas.

2. O financiamento do custo das subvencións «O teu traballo EURES-FSE» sufragarase con cargo ao orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal, aplicación orzamentaria 19.101.241A.482.10, ata un máximo de dous millóns de euros anuais. Estas subvencións serán cofinanciadas polo Fondo Social Europeo a través do «Programa operativo Emprego, Formación, Educación FSE 2014-2020» cunha duración total de 6 anos.

3. As medidas incluídas neste real decreto non poderán supoñer incremento de dotacións, retribucións ou outros gastos de persoal.

Artigo 4. *Finalidade, requisitos e exclusións das subvencións «O teu traballo EURES-FSE».*

1. Estas subvencións teñen como finalidade facilitar aos traballadores as seguintes accións, de acordo coas condicións establecidas no artigo 7:

- a) O traslado para asistir a entrevistas de procesos de selección para un posto de traballo.
- b) O traslado para incorporarse a un posto de traballo.
- c) A realización dun curso de idiomas vinculado á incorporación a un posto de traballo.

2. Para acollerse a estas axudas, os traballadores, sen límite de idade, deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Estar desempregados e inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego de España ou, no suposto de españois, nos de calquera outro país do Espazo Económico Europeo e Suíza onde residan.
- b) Ter nacionalidade española, ou de calquera Estado membro da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, ou doutro país ao cal se estenda o mesmo réxime xurídico en materia de acceso ao emprego, e que teñan residencia legal en España.
- c) Que o posto de traballo (incluídos contratos de prácticas ou de aprendizaxe) para o cal o candidato realiza a entrevista, ao cal se vai incorporar ou ao cal se vincule o curso de idiomas, se localice nun país do Espazo Económico Europeo, incluído Suíza, distinto ao de residencia, e o contrato teña prevista unha duración igual ou superior a 6 meses.

Por tanto, para efectos de solicitar as axudas «O teu traballo EURES-FSE», os traballadores españois que residan en España e os de calquera Estado membro da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, ou doutro país ao cal se estenda o mesmo réxime xurídico en materia de acceso ao emprego, e que teñan residencia legal en España, poderán ser candidatos a postos de traballo localizados noutro país do Espazo Económico Europeo ou en Suíza. Así mesmo, os traballadores españois que residan noutro país do Espazo Económico Europeo ou en Suíza, distinto de España, poderán ser candidatos a postos de traballo localizados tanto en España como noutro país do Espazo Económico Europeo ou en Suíza, distinto ao de residencia.

3. Non serán obxecto de subvención os seguintes supostos:

- a) Traballadores que son enviados temporalmente polas súas empresas para realizar o seu traballo noutro país do Espazo Económico Europeo ou en Suíza, sen ser especificamente contratados para iso.

- b) Empregos transfronteirizos que non impliquen un cambio de residencia ao país de destino onde se sitúe o posto de traballo.
- c) Actividades que xa reciban unha subvención de entidade pública ou privada, polo mesmo concepto das axudas «O teu traballo EURES-FSE».
- d) Asistencia a feiras de traballo e similares.

Artigo 5. *Solicitud de subvencións «O teu traballo EURES-FSE».*

1. O traballador poderá solicitar as axudas «O teu traballo EURES-FSE» para as accións recollidas no artigo 4.1, unha vez que a empresa o convocase para realizar unha entrevista, e/ou a súa incorporación a un posto de traballo, e/ou lle propuxese realizar un curso de idiomas vinculado a unha posible contratación, de acordo cos requisitos establecidos neste real decreto.

As axudas «O teu traballo EURES-FSE» deberán ser solicitadas polos candidatos a través dun conselleiro da Rede EURES España mediante o formulario 1 de solicitude xunto co documento cuestionario inicial, que estarán dispoñibles na páxina web do Servizo Público de Emprego Estatal (www.sepe.es) e documento xustificativo ben da proposta para a entrevista e/ou documento xustificativo da oferta de traballo e/ou documento xustificativo da necesidade do curso para acceder a unha oferta de traballo.

O candidato presentará este formulario 1 de solicitude unha vez que teña constancia de que foi convocado para calquera das accións, e previamente á realización destas.

2. A través do formulario 1 de solicitude, o conselleiro EURES correspondente comprobará e ratificará coa súa sinatura que o candidato foi seleccionado para calquera das accións recollidas en «O teu traballo EURES-FSE» e que cumpre os requisitos expresados no artigo 4.2.

3. As solicitudes (documentos orixinais) dirixiranse á Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, Subdirección Xeral de Políticas Activas de Emprego, r/ Condesa de Venadito, n.º 9, 28027 Madrid, e poderanse presentar en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 6. *Procedemento de concesión e pagamento das subvencións.*

1. O órgano instrutor do procedemento será a Subdirección Xeral de Políticas Activas de Emprego do Servizo Público de Emprego Estatal.

2. As solicitudes serán examinadas para comprobar se reúnen os requisitos formais exixibles. En caso contrario, requirirase o interesado co fin de que emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fai, se considerará que desiste da súa petición, a cal se arquivará logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos do artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. A Subdirección Xeral de Políticas Activas de Emprego, á vista do expediente, e considerando o cumprimento dos requisitos por parte dos solicitantes de axudas para «O teu traballo EURES-FSE» e a data de recepción das solicitudes, formulará a oportuna proposta de resolución, que será elevada á persoa titular da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, que resolverá o que proceda.

4. A concesión da axuda ou subvención non supoñerá compromiso de proporcionar a cada candidato interesado nun posto de traballo nun país do Espazo Económico Europeo ou Suíza o acceso a este.

5. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses, contados a partir da data de entrada da solicitude, segundo o disposto nos artigos 25.4 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. Transcorrido o dito prazo sen terse notificado resolución expresa, poderase entender desestimada por silencio administrativo a solicitude presentada, segundo o disposto no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

6. A resolución non pon fin á vía administrativa, de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 50/1998, do 30 de novembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, polo que contra ela se poderá interpoñer recurso de alzada ante a ministra de

Emprego e Seguridade Social, no prazo dun mes a partir do día seguinte á notificación, nos termos recollidos nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. O pagamento das axudas será efectuado polo Servizo Público de Emprego Estatal logo de xustificación polos candidatos da realización da acción ou accións obxecto de axuda, para o cal deberán presentar os formularios xustificativos ben da realización de entrevista (formulario 2), e/ou de incorporación ao posto de traballo (formulario 3), xunto coa copia do contrato de traballo, e/ou pola realización do curso de idiomas (achegando factura do curso e certificado, nos termos do artigo 7.1.c). Esta documentación deberá ser enviada ao Servizo Público de Emprego Estatal nun prazo máximo dun mes posterior á realización das accións xunto co cuestionario de satisfacción. Tanto os formularios como o cuestionario de satisfacción estarán dispoñibles na páxina web do Servizo Público de Emprego Estatal (www.sepe.es).

A persoa solicitante aceptará o mantemento das comunicacións co Servizo Público de Emprego Estatal por vía electrónica.

A través da rede EURES a Subdirección Xeral de Políticas Activas de Emprego pedirá información para xustificar, ao cabo de seis meses, que se cumpriu esta duración do contrato de traballo ou que o candidato continúa contratado. A dita subdirección xeral transmitirao ao conselleiro EURES para a súa posterior constancia nos sistemas de información dos servizos públicos de emprego.

8. O beneficiario das axudas deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, co fin de que poidan ser obxecto das pertinentes actuacións de comprobación e control, de acordo co establecido nos artigos 14 e 39 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Así mesmo, para efectos do cofinanciamento polo Fondo Social Europeo, a dispoñibilidade de documentación xustificativa destas subvencións cofinanciadas deberase conservar á disposición dos órganos de auditoría e control durante un prazo de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos da operación, tal e como se establece no artigo 140, punto 1, do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello.

Artigo 7. *Tipos e contías das subvencións «O teu traballo EURES-FSE».*

1. As axudas de «O teu traballo EURES-FSE» poden ser:

a) Por traslado, para a realización de entrevista/s de selección, como mínimo a unha distancia de 50 km da súa residencia habitual, co fin de ser contratados para a incorporación a un posto de traballo, para a realización de prácticas, ou para a realización de actividades dirixidas á aprendizaxe.

A expresión «entrevista» susceptible de axuda refírese ao diálogo presencial cun ou máis empresarios. Un candidato que asista a varias entrevistas, nunha soa viaxe, recibirá unha única axuda financeira por traslado para entrevistarse no estranxeiro ou no seu país de residencia. A contía da axuda é fixa, segundo a táboa I do anexo, en función da distancia xeográfica entre o lugar de residencia do candidato e o lugar da/s entrevista/s, e sempre que haxa desprazamento efectivo.

As entrevistas poderanse realizar en calquera Estado do Espazo Económico Europeo ou en Suíza, incluíndo o país de residencia do candidato.

A axuda é unha contribución aos gastos ocasionados con motivo do traslado. O candidato será libre de aceptar a viaxe para a entrevista ou de propoñer unha modalidade de entrevista alternativa.

b) Traslado por colocación noutro Estado do Espazo Económico Europeo ou en Suíza, distinto ao de residencia.

Se o candidato vai ser contratado, incluíndo a posibilidade de contratos en prácticas e/ou aprendizaxe, nun Estado do Espazo Económico Europeo ou Suíza, distinto ao de residencia, poderá solicitar a subvención tras a confirmación por escrito por parte do empresario, mediante documento xustificativo da oferta de traballo que achegará o candidato xunto coa solicitude, das características do posto que vai ocupar e de que a duración deste contrato é igual ou superior a seis meses.

A subvención é unha contribución aos gastos ocasionados en relación co asentamento no país de destino. Esta subvención pagarase soamente se o candidato contratado cambia o seu país de residencia. A contía das axudas é fixa, en función do país de destino en que se fixe a residencia e está recollida na táboa II do anexo.

c) Realización dun curso de idiomas vinculado á incorporación a un posto de traballo.

Calquera candidato con posibilidade de acceder a un posto de traballo noutro Estado do Espazo Económico Europeo ou en Suíza, distinto ao de residencia, incluíndo a modalidade de contratos en prácticas e/ou aprendizaxe, que fose previamente seleccionado para este, poderá solicitar a axuda para realizar un curso de idiomas no país de residencia e/ou no país de destino, tras a confirmación por escrito por parte do empresario, mediante documento xustificativo da necesidade do curso para acceder a ese posto de traballo. O candidato achegará este documento xustificativo xunto coa solicitude que se deberá efectuar antes do inicio do curso. O conselleiro EURES verificará as necesidades de formación de idiomas do candidato manifestadas polo empresario.

O contido do curso de formación de idiomas dependerá das necesidades do candidato e das características do posto de traballo ofrecido, independentemente doutras medidas de integración que poida ofrecer a empresa.

O pagamento da axuda por realización de curso de idiomas será efectuado polo Servizo Público de Emprego Estatal logo de xustificación polos candidatos de ter realizado o curso e despois da súa finalización. A axuda compensará o custo da formación recibida, cunha contía máxima de 1.200 euros. Así mesmo, os prezos da formación terán un prezo máximo de 10 euros por unidade de instrución (UI) de aproximadamente 45 minutos. Como regra xeral, a formación fará referencia a cursos de idiomas intensivos e de curta duración.

Para proceder ao pagamento da axuda para a realización do curso, unha vez terminado este, o candidato deberá achegar copia da factura co custo da formación e xustificante do aboamento efectuado, os datos da institución responsable do curso de idiomas, así como certificado expedido por esta de ter superado a formación, incluíndo a duración do curso, o número de unidades de instrución, o nivel/contido de aprendizaxe e o plan formativo.

Non se terá dereito a percibir a axuda cando o candidato non poida asistir ou completar o plan de formación e non obteña certificado de a ter superado.

As institucións responsables deberán estar recoñecidas especificamente para a impartición de cursos de idiomas. Estas institucións deberán ter un acordo cunha entidade certificadora recoñecida no ámbito nacional ou internacional que permita realizar as probas de avaliación e certificación dos candidatos con respecto aos niveis do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL). Entre estas institucións encóntranse os centros que impartan cursos de idiomas e que estean inscritos no Rexistro Estatal de Centros e Entidades de Formación do Servizo Público de Emprego Estatal.

2. Os tres tipos de axuda son compatibles entre si.

Artigo 8. *Información e comunicación.*

Para efectos de aplicación das medidas de información e comunicación do cofinanciamento polo Fondo Social Europeo das axudas «O teu traballo EURES-FSE» haberá que aterse ao disposto no artigo 115 e anexo XII do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1674/2012, do 14 de decembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao financiamento da acción «O teu primeiro traballo EURES».

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de maio de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Emprego e Seguridade Social,
FÁTIMA BÁÑEZ GARCÍA

ANEXO

Táboa I

Axudas a candidatos por entrevista/s de selección nun Estado do Espazo Económico Europeo e Suíza (para incorporación a posto de traballo, contrato de prácticas ou de aprendizaxe)

| País | Cantidade (en euros) | | | Documentación obrigatoria | |
|---------------------------------|-----------------------------|------------------------------|--|---|---|
| | Distancia entre 50 e 100 km | Distancia entre 100 e 300 km | Distancia entre 300 e 500 km ou superior | | |
| Calquera Estado do EEE e Suíza. | 100 | 200 | 300 | Previa: Solicitud do candidato (formulario 1). Documento xustificativo da proposta para a entrevista. | Para proceder ao pagamento: Declaración da empresa de que se realizou a entrevista (formulario 2). |

Táboa II

Axudas a candidatos por traslado para incorporación a un posto de traballo, prácticas e aprendizaxe nun Estado do Espazo Económico Europeo e Suíza

| Páis de destino | Cantidade (en euros) | Documentación obrigatoria | |
|-----------------|----------------------|--|---|
| Austria | 970 | | |
| Bélxica | 920 | | |
| Bulgaria | 600 | | |
| Croacia | 640 | | |
| Chipre | 790 | | |
| República Checa | 710 | | |
| Dinamarca | 1.200 | | |
| Estonia | 710 | | |
| Finlandia | 1.030 | | |
| Francia | 990 | | |
| Alemaña | 890 | | |
| Grecia | 860 | | |
| Hungría | 620 | | |
| Irlanda | 960 | | |
| Islandia | 1.200 | Previa: | Para proceder ao pagamento: |
| Italia | 940 | Solicitud do candidato (formulario 1). | Declaración da empresa de ter realizado a |
| Letonia | 640 | Documento xustificativo da oferta de | contratación (formulario 3). |
| Liechtenstein | 970 | traballo. | Copia do contrato de traballo. |
| Lituania | 640 | | |
| Luxemburgo | 920 | | |
| Malta | 780 | | |
| Noruega | 1.030 | | |
| Países Baixos | 900 | | |
| Polonia | 620 | | |
| Portugal | 780 | | |
| Romanía | 600 | | |
| Eslovaquia | 700 | | |
| Eslovenia | 780 | | |
| España | 840 | | |
| Suecia | 1.030 | | |
| Suíza | 890 | | |
| Reino Unido | 1.000 | | |

Táboa III

Axudas para a realización de cursos de idiomas

| Medida | Importe (en euros) | Documentación obrigatoria | |
|-------------------|---|---|---|
| Cursos de idiomas | Custos reais declarados (máximo 1.200 €). | Previa: Solicitud do candidato (formulario 1). Documento xustificativo da necesidade do curso para acceder a unha oferta de traballo. | Para proceder ao pagamento: Presentación de factura e certificado da formación recibida. |